

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE DECEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:05 horas do día 11 de decembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 7 de decembro (orde do día ampliada o día 11), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María José Caride Estévez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2, 3, 6, 8, 9 e 10)
D^a. María Dapena Gómez (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 1 de decembro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 1 de decembro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. CIVIS GLOBAL, S.L.*
 2. HIDROMIÑO, S.L.*
 3. UTE C.D. INDEPO, S.L.U. - DEMAÍN* (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20% respectivamente)
 4. ORECO, S.A.



5. DRAGADOS, S.A.
6. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
7. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - ABECONSA, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
8. MISTURAS, S.A.
9. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.
10. COPCISA, S.A.
11. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
12. VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
13. OGMIOS PROYECTO, S.L.
14. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
15. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - COPSESA (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
16. EXTRACO, S.A

* CIVIS GLOBAL, S.L., HIDROMIÑO, S.L. e UTE C.D. INDEPO, S.L.U. - DEMAIN declaran pertencer ao mesmo grupo de empresas.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto **Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos. A presidenta e a secretaria asinan os exemplares presentados (CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. e VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. presentan un exemplar en papel e outro en formato dixital, polo que o Servizo de Contratación realiza unha copia do soporte dixital). Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 7 de decembro de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co licitador que se indica a continuación por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:34	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD48-8E5FE4-E6AC45-VMZVX1-YS24UU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 7 de decembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 7 de decembro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	COVISAM NORTE, S.L.	90,43
2	ORECO, S.A.	89,87
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	87,36
4	AN ROD LATEM, S.L.	81,27
5	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	74,71
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	64,60

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COVISAM NORTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220)

Os membros da Mesa acordan, por unanimidade, deixar novamente pendente de estudo este asunto.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:34	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD48-8E5FE4-E6AC45-VMZVX1-YS24UU-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		